



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-20

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

28 de Novembro de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:16

Hora de Finalización

10:29

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 07.11.2023 (ACTA 2023/19)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS BENOURENSE INFANCIA- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCION A INFANCIA PARA O ANO 2023.

O Sr. Alcalde lembra aos presentes que en virtude de **resolución da Alcaldía** de data **25.05.2023** o Concello adheríuse ao **Programa BenOurense Infancia - servizos complementarios para o exercicio 2023**, que aprobou o Pleno da Deputación Provincial, na súa sesión do 31.03.2023 e do que as bases publicáronse no BOP núm.111 do 16.05.2023.

Posteriormente, en virtude de **resolución da Presidencia da Deputación** Provincial, de data **22.06.2023**, aprobouse a adhesión do concello de Castrelo do Val (e doutros) cunha axuda por **importe de 3.600,00 euros**; o que se publicou no BOP núm. 158, do 11.07.2023; procedendo agora xustificar a axuda que se concedeu.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Declarar que **se cumpríu a finalidade** para a que foi concedida a axuda por importe de **3.600,00 euros (tres mil seiscientos euros)**, mediante Resolución da Presidencia da. Deputación Provincial de Ourense; e igualmente aplicáronse os fondos destinados para tal efecto.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**SEGUNDO:** Que a xustificación da subvención concedida, refírese ó **mesmo proxecto que serviu de base para a concesión** da subvención:

PROXECTO SOLICITADO	EUROS	PROXECTO FINAL	EUROS
Almorzos saudables	3.600,00	Almorzos saudables	3.617,17
<b>Total</b>	<b>3.600,00</b>	<b>Total</b>	<b>3.617,17</b>

**TERCEIRO:** Que a contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento de obrigación no exercicio **2023** é de **3.600,00 euros**. Que o gasto executado polo importe sinalado, é o seguinte:

Factura 215/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 295,30 euros. IVE incluído.  
Factura 380/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 275,61 euros. IVE incluído.  
Factura 452/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 393,73 euros. IVE incluído.  
Factura 584/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 295,30 euros. IVE incluído.  
Factura 31/2023 de Cecilia Vázquez Loasada por importe de 150,15 euros. IVE incluído.  
Factura 903/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 341,17 euros. IVE incluído.  
Factura 1064/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 544,34 euros. IVE incluído.  
Factura 264 de Librería Pica-Pica, por importe de 254,73 euros IVE incluído.  
Factura 41/2023 de Cecilia Vázquez Loasada por importe de 168,50 euros. IVE incluído.  
Factura 1097/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 544,34 euros. IVE incluído.  
Factura 1098/2023 de Alpixendra, S.L. por importe de 354,00 euros. IVE incluído.

**CUARTO:** Que a xustificación da subvención concedida **acada o 100% do importe do proxecto** que serviu de base para a concesión da subvención.

**QUINTO:** Que en relación co proxecto que presentou este concello, **non recibiu outras subvencións ou axudas**.

### **3º. CERTIFICACION NUM, 1, LIQUIDACION DA OBRA "MELLORAS NO ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL" DA LIÑA 3 DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACION LOCAL PARA CONCELLOS DE POBOACION INFERIOR AOS 15.000 HABITANTES. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, de data **29 de maio de 2023**, do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local, destinado aos concellos con poboación inferior aos 15.000 habitantes.

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm. 1, liquidación da obra chamada "Melloras no abastecemento do Concello de Castrelo do Val"**m executada ao abeiro da Liña 3 das devanditas axudas; por importe de **46.000,00 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Pablo González Rodríguez**, enxeñeiro de camiños, canais e portos Col. núm.12362 do CICCIP, de data 27 de novembro de 2023.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Melloras no abastecemento do Concello de Castrelo do Val**", cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **46.000,00 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Pablo González Rodríguez**, nos termos nos que se atopa redactada.

**SEGUNDO.** Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

- **Núm. 2399200653 de VIAQUA, S.A.U.** de data 28.11.2023, correspondente a certificación núm 1, liquidación da obra "**Melloras no abastecemento do Concello de Castrelo do Val**", por importe de **46.000,00 euros**.

- **Núm. 23006 de Palo González Rodríguez.** de data 28.11.2023 correspondente aos honorarios técnicos da actuación en cuestión, por importe de **2.142,43 euros**.

**TERCEIRO.** Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

**CUARTO.** Declarar que a actuación desnvolveida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

**QUINTO.** Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

### 4º. INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACCION PARA O CLIMA E A ENERXIA SOSTIBLE (PACES) DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.

O Sr alcalde lembra aos presentes que o **Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía** consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Así -continúa- en virtude de **resolución da alcaldía** da data **8 de xuño de 2020**, solicitarase a adhesión do concello ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía (EU Covenant of Mayors for Climate & Energy), co compromiso de ratificar dito acordo no primeiro pleno que se





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

celebre neste concello.

Posteriormente -continúa- foi o **Pleno do Concello**, na súa sesión do **16 de xuño de 2020** que por **unanimidade** ratificou esa solicitude de adhesión ao Pacto dos alcaldes para o Clima e a Enerxía; asumindo os compromisos recollidos en dito Pacto, a saber:

1. Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, **elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos**, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Así pois, compre aprobar o informe bianual que se elaborou sobre o seguimento do Plan municipal.

Seguidamente o Sr. Alcalde pasou a dar conta aos presentes do "Informe de seguimiento del Plan de Acción para el Clima y la Energía Sostenible (PACES) do Concello de Castrelo do Val" de data novembro de 2023.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por uannimidade dos seus mebros, **ACORDA:**

**PRIMEIRO. Aprobar** nos termos nos que se atopa redactado e que consta no seu expediente, o **"Informe de seguimiento del Plan de Acción para el Clima y la Energía**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**Sostenible (PACES) do Concello de Castrelo do Val"** de data novembro de 2023.

**SEGUNDO. Dar traslado** do anterior informe e deste acordo de aprobación ao organismo que proceda.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario